

114	<b>UTILIZACIÓN DE SERVICIOS DE ACONSELLAMENTO</b>
	<b>Axudas á utilización de servizos de aconsellamento por persoas titulares de explotacións agrarias. Orde do 19 de agosto de 2008 (DOG 25/08/2008)</b>
	<p><b>Beneficiarios</b></p> <p>-Titulares de explotacións agrarias situadas na Comunidade Autónoma de Galicia que se acollan aos servizos de aconsellamento prestados por entidades inscritas e recoñecidas no RESAXEGA</p>
	<p><b>Actividades subvencionables</b></p> <p>Gastos dos honorarios orixinados polo aconsellamento que en todo caso comprenderán materias de:</p> <p>a) normativa relativa á seguridade laboral derivada da normativa comunitaria</p> <p>b) requisitos legais de xestión relativos á saúde pública, sanidade animal e vexetal, ambiente e benestar dos animais.</p> <p>c) boas condicións agrarias e ambientais atendendo, entre outras, ás características da superficie de que se trate incluídas as condicións climáticas e de solo, sistemas de explotación, utilización das terras, rotación dos cultivos, as prácticas de explotacións agraria e as estruturas de explotacións.</p> <p>Ademais poderase solicitar aconsellamento noutras materias para acadar un asesoramento integral.</p>
	<p><b>Axuda</b></p> <p>-Ata 800 € cando a explotación se cualifique de prioritaria e ata 600 € nos restantes casos.</p> <p>-Os importes anteriores incrementaranse ata un 15%, 20% ou 25% respectivamente,segundo a explotación se atope en zona desfavorecida, en zona Natura 2000 ou cando concorran ambas circunstancias.</p> <p>-Acumulativamente ao anterior caben incrementos de :</p> <p>a) ata o 50% se o beneficiario ten aprobado un contrato de explotación sustentable (CES)</p> <p>b) un 15% no caso de pertencer a un programa de reprodución, xestión zootécnica ou programa de xestión técnica agronómica de produción e sanidade vexetal e/ou un 10% no caso de pertencer a programas de alimentación ou podoloxía, estar integrado nunha AD SG ou estar dado de alta no rexistro de explotacións en control leiteiro ou nun programa de xestión técnico-económica recoñecido pola Consellería.</p> <p><i>A AXUDA LIMITASE AO 80% DO GASTO SUBVENCIONABLE E SEN QUE POIDA PERCIBIRSE MÁIS DE 1500€.</i></p>
	<p><b>Unidade xestora</b></p> <p>SX Explotacións Agrarias</p>